



SUMARIO

- [1-6] NOVAS
- [1-4] IGAEM
- [4] Centro Dramático Galego
- [5-6] Centro Coreográfico Galego
- [6] Novidades editoriais
- [7-8] AXENDA
- [9-10] ALERTA!
- [11-12] E_SCENA EN CIFRAS



Podes navegar por **e_scena** premendo nas entradas de sumario, no símbolo «e_scena», enderezos de internet e nos nomes dalgúns organismos.

O IGAEM OUTORGARÁ EN 2008 AXUDAS AO SECTOR ESCÉNICO E MUSICAL POR VALOR DE MÁIS DE DOUS MILLÓNS DE EUROS

O INCREMENTO MEDIO DAS DOTACIÓNS É DO 35% RESPECTO Á ANTERIOR CONVOCATORIA DE 2007

NACE O PROGRAMA CRÉDITO-CULTURA PARA FACILITAR O ACCESO AO FINANCIAMENTO BANCARIO

AMPLÍANSE ÁS EMPRESAS MUSICAIS AS SUBVENCIÓNS Á DISTRIBUCIÓN DE ESPECTÁCULOS NO EXTERIOR

O Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) outorgará no presente 2008 até un máximo de 2.120.000 euros en distintas modalidades de axudas ao sector escénico e musical galego, o que supón un incremento medio orzamentario para esta finalidade do 35% respecto da pasada convocatoria de 2007. A actividade escénica bianual ou de produción concreta de espectáculos de teatro de actor, de monicreques e de danza, montaxes de nova creación, investimentos produtivos en maxia, distintos ámbitos de distribución, subvencións ás dotacións e investimentos para os espazos da Rede Galega de Teatros e Auditorios e para o funcionamento das salas privadas, así como o asociacionismo profesional e a formación especializada constitúen os grandes apartados aos que poderán acollerse os interesados baixo as 13 modalidades e subtipos dispostos.

Ademais da continuidade no esforzo para o aumento das dotacións dispostas, a resolución da presidenta do IGAEM e conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo, incorpora novidades importantes chamadas a optimizar as contías adxudicadas, como son a posta en marcha do programa Crédito-Cultura, que busca facilitar e normalizar en condicións vantaxosas o acceso das empresas de artes escénicas e musicais ao financiamento bancario da súa actividade de produción de espectáculos e traballos discográficos; a ampliación das axudas á distribución de espectáculos no exterior ao

[continúa na pantalla seguinte]

e-scena é unha publicación mensual de distribución electrónica.

Edita: Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM)

Contidos: Área de Comunicación

Deseño gráfico: Uqui/Cebra

Fotografías: Arquivo IGAEM

D.L.: C-826-06

[vén da pantalla anterior]

sector da música, co que se completa o abano de medidas de apoio á proxección exterior; así como a introdución nos baremos das axudas á actividade escénica de elementos correctores que faciliten unha avaliación máis homoxénea dos proxectos, con orzamentos de produción e distribución de diferentes magnitudes.

O texto da convocatoria e os seus correspondentes anexos serán publicados no Diario Oficial de Galiza do próximo 14 de xaneiro de 2008, data a partir da que haberá que determinar os prazos de presentación de solicitudes.

A documentación recibida será valorada por tres comisións: unha para as modalidades de axudas á actividade escénica no ámbito da danza, do teatro de actor e de títeres, outra para o apartado de axudas á nova creación e unha terceira para as restantes categorías. A resolución definitiva deberá ditarse no prazo máximo de nove meses desde a publicación da convocatoria; e nos tres meses

seguintes á data de resolución publicaranse no Diario Oficial de Galiza e na web www.igaem.xunta.es a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

Con esta última convocatoria de subvencións, o organismo da Consellaría de Cultura e Deporte continúa coa liña de traballo instaurada en 2006 para a creación dunha industria galega innovadora e competitiva do teatro, a danza e a música, dentro dun marco regulador que se caracteriza pola potenciación das políticas públicas de fomento das artes escénicas e musicais, a apertura das convocatorias de subvencións ás empresas e creadores do ámbito da música e a danza, o tratamento do teatro e do conxunto das artes escénicas como industria cultural, a valoración especial da creación de autores galegos actuais e o apoio á distribución exterior da produción escénica e musical galega.

MODALIDADES DE SUBVENCIÓN E CONTÍAS MÁXIMAS ASIGNADAS:

A. Subvencións á actividade escénica.	1.240.000 euros.
A.1. Subvencións á nova creación.	
A.2. Subvencións á actividade escénica no ámbito do teatro de actor e de monicreques.	
A.3. Subvencións á actividade escénica no ámbito da danza.	
A.4. Subvencións para os investimentos produtivos no ámbito da maxia.	
B. Programa "Crédito-cultura".	30.000 euros.
C. Subvencións á distribución.	380.000 euros.
C.1. Subvencións á distribución exterior dos espectáculos de artes escénicas.	
C.2. Subvencións para a asistencia a feiras e outras plataformas de exhibición musical.	
C.3. Subvencións á promoción e difusión.	
C.4. Subvencións á distribución de espectáculos en feira.	
D. Subvencións ás dotacións e investimentos para a Rede Galega de Teatros e Auditorios.	120.000 euros.
E. Subvencións a salas de teatro e artes escénicas de titularidade privada.	200.000 euros.
F. Subvencións para o asociacionismo profesional no ámbito das artes escénicas e musicais.	110.000 euros.
G. Subvencións á formación especializada.	40.000 euros.

O IGAEM E DOS ACORDES LANZAN A COLECCIÓN DE PARTITURAS "PEL E MADEIRA"

O IGAEM e a casa editora Dos Acordes veñen de poñer en marcha unha nova colección de partituras que, baixo o título "Pel e madeira", recollerá o repertorio básico para gaita e percusión galegas. Baixo a dirección artística do gaiteiro Suso Vaamonde e do percussionista Xosé Lois Romero, que levan traballando dende hai anos nesta iniciativa; e a dirección editorial de Javier Jurado, o proxecto está concibido inicialmente como a publicación periódica de cadernos de partituras de música tradicional e popular galega, arraxada para formato de cuarteto tradicional (dúas gaitas, tambor e bombo) e cunha clara finalidade didáctica.

Preténdese, deste xeito, crear un fondo documental que compile o repertorio máis común entre os gaiteiros, e, sobre todo, producir material gráfico que incentive o desenvolvemento técnico e estético da percusión tradicional galega. Con este obxectivo, a selección de partituras abrangue todos os niveis de dificultade, dende o de iniciación ata o de perfeccionamento.

Pero o novo desta proposta está no dobre CD que acompaña a edición das partituras. Neles, o oínte poderá substituír calquera dos catro instrumentos que soan na gravación (executados polos propios autores) pola súa propia interpretación en vivo, usando para iso o selector de balance L-R que posúe calquera equipo de audio. Isto permitiralle practicar individualmente o seu propio instrumento formando parte dun "cuarteto virtual" (na xerga anglosaxona, *play-a-long*). As principais vantaxes deste sistema son o desenvolvemento da percepción auditiva e da capacidade de imitación do oínte, alicerces fundamentais da cultura tradicional, e a súa correspondente representación na escrita.

A produción da colección, que sairá á luz en primavera de 2008, conta coa colaboración da Radio Galega, xa que nos seus estudos gravaranse os *masters* que a compoñen. A periodicidade prevista é dun volume anual, cunha tiraxe de 400 exemplares. Cada copia irá presentada nunha carpeta que incluírá o libreto xeral de música impresa máis catro caderniños coas partes (gaita primeira, gaita segunda, tambor e bombo), así como os dous CD de audio (gaitas e percusión).

Xosé Lois Romero e Suso Vaamonde



A CADENA SER PREMIA AO IGAEM POLA REDE GALEGA DE MÚSICA AO VIVO

O Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) recibiu o Premio Especial da Música “Maketón Estrella Galicia” 2007 –que organiza Radio Vigo (Cadena Ser)– pola iniciativa e desenvolvemento da Rede Galega de Música ao Vivo, o circuíto de actuacións en directo a cargo de grupos galegos de todos os estilos en máis de 40 salas e locais de concertos. O xurado dos devanditos premios, integrado por xornalistas e profesionais de radio e prensa, acordou a súa decisión por unanimidade, ao considerar que “este primeiro ano da Rede dinamizou a escena musical galega, estruturado ao redor das salas de concertos e dos grupos musicais”.

A Rede Galega de Música ao Vivo naceu en febreiro de 2007 como froito da colaboración entre o IGAEM e a asociación Clubtura. Durante o seu primeiro ano de funcionamento levantou unha grande expectación no sector, e levou a cabo máis de cincocentos concertos en toda Galiza. Esta cifra será revalidada neste 2008, para o que xa está pechado un calendario similar de actuacións a cargo de máis de 70 artistas, tanto os emerxentes como os máis consolidados.

Os Premios da Música Maketón Estrella Galicia celébranse dende hai 7 anos. Son os únicos institucionaliza-



De arriba a abaixo e de esquerda a dereita, algúns dos grupos que participan na Rede: 6PM, A Matraca Perversa, Ectoplasma, Nadadora, Faltriqueira, Vítor Aneiros, O Leo i Arremecághona e Niño y Pistola.

dos no país e teñen como protagonistas aos artífices do intenso panorama musical da cidade de Vigo e a súa área metropolitana. Están integrados no proxecto global Maketon Estrella Galicia, que abrangue a emisión en radio do programa “Maketón”, con máis de 18 anos en antena a través de 40 Principales Vigo FM (61.000 oíntes diarios), unha xira de concertos que se leva a cabo en Vigo e zona de influencia, a edición de 2.000 copias promocionais e gratuítas dun CD recompilatorio; e o funcionamento da web www.maketon.com.

REFERENCIA PARA TODO O PAÍS

Hoxe en día xa consolidados, estes premios seguen a ser unha firme aposta por apoiar e potenciar a música actual que se fai no sur de Galiza; e constitúen unha referencia na promoción da música para todo o país. Coa súa adxudicación, quérese valorar ademais o labor de profesionais e *amateurs* do sector musical

local, polo seu bo facer no desenvolvemento dos proxectos musicais que se levan a cabo ao longo de todo un ano.

O premio do IGAEM foi entregado ao xerente do organismo da Consellaría de Cultura e Deporte, Miguel Martín Fernández, por Salvador García Cal, responsable do proxecto Maketon Estrella Galicia e director de Programas e Emisións das emisoras integradas en Radio Vigo-Grupo de Comunicación, nun acto que se celebrou o pasado día 23 de decembro en La Fábrica de Chocolate Club de Vigo. No mesmo acto foron comunicados os gañadores do resto de categorías dos premios, para as que existían até cinco nominacións en cada apartado. Así, o premio á Mellor Maketa foi para o grupo Soundshepard, o de Mellor Directo para Zona Zero, Mellor Produtor para El Puto Coke (de LicorKafé Producciones), e o de Mellor Disco para Greatest Hits, da banda Cornelius. O Premio á Traxectoria Musical foi para o grupo Berroguetto.

A REDE GALEGA DE MÚSICA AO VIVO LEVARÁ O NOME DE CARLOS HUMBERTO DÍAZ PÉREZ

A programación da Rede Galega de Música ao Vivo levará a partir de 2008 o nome de Carlos Humberto Díaz Pérez, segundo acordo do Consello Reitor do IGAEM e en recoñecemento e memoria a un dos impulsores e artífices deste proxecto de difusión musical, que finou o pasado agosto.

Carlos Humberto Díaz Pérez nacera en Vigo o 24 de setembro de 1959. Foi nadador profesional e licenciado en Pedagogía. Industrial de hostalería, puxo en marcha o Costa Oeste, primeiro local de música ao vivo en Ribeira (A Coruña) e o Café Cultural Roi Xordo de Allariz (Ourense). Foi membro fundador da asociación de salas de música ao vivo, Clubtura.

A súa andaina profesional comezouna en Verín (Ourense), onde foi responsable dunha academia de estudos; mais tamén participou na promoción de actividades culturais ao longo da

súa estadía nesta vila, onde coincidiu co escritor Xosé Carlos Caneiro.

En 1993 establece a súa residencia en Allariz, e exerce como director-coordinador da empresa municipal “Escola-Obradoiro Ziralla”. Posteriormente desempeñou funcións de axente de emprego e desenvolvemento local no Concello de Allariz; até que en 2002 inicia unha nova etapa profesional no mesmo concello, como técnico da Área de Promoción Económica e xerente do Grupo de Acción Local AVINZA.

Co-participou en 2000 nun proxecto cultural en Allariz: o Café Cultural Roi Xordo, unha sala de pequeno formato que conta cunha programación estable de música ao vivo ao longo de todo o ano.

Durante os últimos anos participou como relator e/ou docente en diversas accións formativas, tales como seminarios, xornadas e masters. Foi membro activo da Plataforma Nunca Máis.

GALIZA DESEMBARCA POR SEGUNDA VEZ EN MIDEM, DESTA VOLTA CON CATRO EMPRESAS MUSICAIS

Galiza estará presente por segundo ano consecutivo en MIDEM, un dos mercados de música máis importantes do mundo, que abre as súas portas en Cannes (Francia) do 27 ao 31 de xaneiro de 2008. Con 10.000 profesionais da industria musical e das novas tecnoloxías acreditados, procedentes duns 90 países, Galiza contará con representación institucional e empresarial, xa que a delegación galega estará tutelada polo IGAEM e a Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural da Consellaría de Cultura e Deporte, en tanto que as empresas musicais participantes este ano serán Falcatrada, Norde-sía, La Fábrica de Chocolate e Zouma Records.

Coa nova presenza en MIDEM, a Consellaría de Cultura continúa co seu labor de facer visible a todo o sector musical galego (artistas, discográficas e distribuidoras), para o que se

levará a cabo un novo traballo de difusión de material promocional baixo a marca Galician-Tunes desde un *stand* instalado para a ocasión no recinto feiral. Tamén se propiciarán contactos entre os promotores musicais galegos e os seus colegas europeos e mesmo doutros continentes.

A presenza da música galega en MIDEM, xunto ao Popkomm de Berlín e o Womex de Sevilla, forma parte da estratexia da Consellaría de Cultura para difundir no exterior a creatividade galega e insírese no proxecto global de consolidación do sector. A Consellaría estableceu mecanismos de apoio que inclúen a difusión e comercialización. No exterior, xunto coas devanditas feiras, Cultura promocionou tamén a música galega en Lisboa a través de Portugalizando e en Barcelona mediante a iniciativa SonGaliza.

AVANZAN OS ENSAIOS DE "VALDEMULLER", BAIXO A DIRECCIÓN DE PABLO VERGNE

O pasado 17 de decembro comezaron os ensaios de *Valdemuller*, a segunda produción do Centro Dramático Galego (CDG) para a temporada 2007-2008, que se estreará en febreiro no Teatro Principal de Ourense. O director de monicreques argentino Pablo Vergne e catro manipuladoras galegas (Alba Grande, Raquel Queisás, Montse Piñón e Manuela Varela) están a traballar na actualidade na adaptación do texto orixinal de Xosé Antonio Neira Cruz que realizou Julio Salvatierra, así como no proceso de adaptación a parte dos monicreques xa ultimados, máis dunha ducia de monecos construídos en látex, gomaespuma e poliuretano sobre un esqueleto de ferro duns 60 centímetros de altura.

Valdemuller supón a visibilidade da combinación entre dous elementos tradicionalmente asociados a programacións menores, como son o teatro de monicreques e o teatro dirixido especialmente a público en idade adolescente. Así, o CDG asume este proxecto desde a súa condición de teatro público, o que determina como unha das súas funcións a de impulsar discursos dramáticos arriscados e dar pulo á actividade escénica considerada nas marxes.

Para o CDG, a tradición de monicreques galega unida á experiencia e ao discurso estético de Pablo Vergne, un auténtico mestre das montaxes de monicreques, aseguran un traballo orixinal, necesario e de moi boa factura. Vergne, que conta con espectáculos presentados en Europa, Asia e América, caracterízase por un estilo singular que combina tradición e innovación, economía de medios e máxima expresividade, exploración de materiais e reciclaxe de obxectos, procura de novas linguaxes escénicas e complicidade co público no feito teatral.

O resultado final poderá comprobarse a partir do 13 de febreiro en Ourense, Santiago e noutras vilas e cidades galegas.

O SALÓN TEATRO EXHIBIRÁ DANZA, TEATRO E UNHA NOVA ENTREGA DO FESTIVAL SINSAL

O Centro Dramático Galego ten xa deseñado o próximo período de programación para a súa sede escénica, o Salón Teatro, que tras o peche de 2007 co Festival de Teatro Infantil de Nadal, volverá a abrir as súas portas ao público o próximo sábado 12 de xaneiro, para acoller o espectáculo de danza *Larandland* a cargo da compañía catalana Mudances. A danza, xunto co teatro e a música, que virá da man dunha nova extensión do Festival



Matt Valentine & Erika Elder

Sinsal, comporán o calendario de actividades previstas para xaneiro.

Larandland (sábado 12 e domingo 13), último espectáculo de Ángels Margarit, toma a cidade como motivo e paisaxe, onde o movemento dos bailaríns permite aproximarse ao espectador. É un traballo estético e abstracto que nos fala de situacións concretas que se viven na cidade inabarcable, como un organismo vivo, un gran corpo onde células e sistemas interconectados inventan a súa propia morfoloxía.

A continuación, Factoría Escénica Internacional (FEI), baixo a dirección de Carme Portaceli, porá en escena *El agresor* (sábado 19 e domingo 20). Con este espectáculo de teatro comprometido, o colectivo catalán convida a reflexionar sobre un problema que afecta actualmente a nosa sociedade: os abusos sexuais a menores. Portaceli, directora do espectá-

culo, encargouse tamén da adaptación do texto do autor alemán Thomas Jonigk e Marta Carrasco colabora como directora de movemento.

A seguinte fin de semana (sábado 26 e domingo 27) será o turno de *Negro*, a coprodución entre o Centro Coreográfico galego e a Compañía Daniel Abreu, que conta coa interpretación das bailarinas galegas Andrea Quintana, Janet Novas e Anuska Alonso.

No mes de xaneiro o Salón Teatro acollerá tamén a primeira entrega da extensión en Santiago do Festival Sinsal, que contará nesta súa segunda edición compostelana cun total de tres concertos a cargo de formacións internacionais punteiras en música actual e experimental. Así, o 31 de xaneiro ás 22:00 horas, inaugura este ciclo a banda estadounidense Matt Valentine & Erika Elder with The Golden Road cun recital de música electrónica.



DANIEL ABREU ESTREA EN VIGO "NEGRO", PRIMEIRA COPRODUCCIÓN DA NOVA TEMPORADA

O Teatro Ensalle de Vigo acolle os próximos 18, 19 e 20 de xaneiro a estrea de *Negro*, a peza do coreógrafo de orixe canaria Daniel Abreu que constitúe o primeiro espectáculo do plano de coproducións do Centro Coreográfico Galego (CCG) para a actual temporada. Despois das exitosas experiencias do pasado 2007 que foron *Artaescena*, coproducida con Experimenta Danza e *30.000*, con Pisando Ovos, o CCG retoma a súa liña de asistencia económica, técnica, de recursos e de xestión con proxectos de iniciativa privada para materializar novos espectáculos coreográficos en réxime de coprodución.

Negro é un traballo coreográfico para catro bailaríns que se fundamenta no corpo como único instrumento motor de toda sensación. A coreografía componse de escenas creadas desde

a reflexión da acción cotiá e/ou a partir da improvisación. Este traballo non fala do envoltorio da pel, nin do que oculta, senón do que esa pel ve, o que lle gusta e a transforma, o que a esperta e o que a dorme. Falar de danza supón falar do corpo vivo, exposto e sensible. Pártese da idea de que expoñer un proxecto require un control extenso dos pensamentos e do que un vive. Nos procesos de creación ábrese a porta e déixase fluír o vaivén de ideas arredor dunha vivencia común, a dirección, a partir do que se quere contar.

Coincidindo coa súa estadía en Galiza por mor da estrea de *Negro*, Abreu realizará unha serie de accións formativas nos Conservatorios de Danza de Lugo e A Coruña; e a Escola Superior de Arte Dramática e a Fundación Igualarte de Vigo. Levará a cabo tamén ensaios e clases abertas para profesionais durante a semana de residencia técnica na Sala Ensalle.

Na interpretación de *Negro* están, xunto a Abreu, as bailarinas galegas Andrea Quintana, Janet Novas, Anuska Alonso, así como Igor Calonge como asistente de dirección; e Miguel Gil, Haru Mori e Masahiro Hiramoto na composición musical. Da iluminación fíxose cargo a propia compañía de Daniel Abreu e do vestuario o colectivo TRASTornados.

Daniel Abreu traballou para compañías como Provisional Danza, Matarile Teatro e Centro Dramático Galego, entre outras. Como creador, realizou case unha vintena de coreografías, presentadas en Alemaña, Portugal e importantes festivais así como na programación de distintos teatros. Realízalle a asistencia de dirección a Ana Vallés e Carmen Werner en *Pie izquierdo* e a asistencia de coreografía da ópera *Macbeth*, no Teatro Real. Obtivo o Premio do Xurado do XVIII Certamen Coreográfico de Madrid xunto a Mónica García. Coa súa com-

pañía, foi desenvolvendo os seus propios estilo e linguaxe, que se plasman nas distintas creacións, nas cales as propostas de creación sempre buscan os polos opostos. A procura do detalle no movemento, sen abandonar o contido técnico e académico, así como a fusión coas propostas físicas teatrais e a fotografía.

O CCG CONVOCA DÚAS BOLSAS CON DESTINO NA COMPAÑÍA DE PAULO RIBEIRO EN PORTUGAL

O Centro Coreográfico Galego vén de convocar a selección de dous bolseiros/as galegos/as para desenvolver as funcións de repetidor e de axudante de produción na compañía de Paulo Ribeiro, en Viseu (Portugal). A convocatoria, que se insire no obxectivo de apoio á creación do CCG, forma parte do acordo de coprodución establecido entre a entidade galega e a compañía internacional de danza do coreógrafo luso.

Ambas bolsas comprenden a estadía en Portugal durante o proceso de produción do espectáculo *Feminine* (do 31 de marzo ao 12 de xullo de 2008) a modo de bolsas de prácticas, cunha primeira fase en Viseu (do 31 de marzo ao 4 de xullo) e uns últimos días en Lisboa (do 7 ao 12 de xullo). Están dotadas con 1.000 euros por persoa por parte do CCG e outros tantos por parte da compañía portuguesa, que tamén aporta unha residencia en Viseu para toda a estadía.

Os beneficiarios poden ser persoas físicas galegas ou residentes en Galiza, maiores de 18 anos, que cumpran cos requisitos legais e que desexen dedicarse profesionalmente á produción, axudantía de dirección ou repetición de espectáculos de danza. Están excluídos da convocatoria o persoal laboral ou funcionario do IGAEM e da Consellaría de Cultura e Deporte.

O prazo de presentación de instancias no CCG (ao mail formacion.ccg@xunta.es, ao fax 981 138 294 ou ao enderezo postal: Centro Coreográfico Galego. Polideportivo de Elviña. Avda. de Glasgow, 11. A Coruña.) remata o 30 de xaneiro de 2008. Xunto coa instancia haberá de achegar currículo dos solicitantes e canta documentación se considere representativa da súa formación, así como unha carta persoal indicando os motivos polos que desexa optar á bolsa en cuestión.

A resolución da convocatoria será pública o 10 de febreiro nas webs do CCG e do IGAEM e nos taboleiros de anuncios do CCG.

ÀNGELS MARGARIT DÁ UNHA CLASE MAXISTRAL NO CENTRO ESPACIO ABERTO

Àngels Margarit imparte o próximo 11 de xaneiro unha clase maxistral gratuïta no centro Espacio Aberto, en Santiago de Compostela (Rúa de San Pedro 48, baixo). Organizada polo Centro Coreográfico en colaboración co Salón Teatro –a actividade prográmase en coincidencia coas funcións da peza *Larandland*, que Margarit ofrecerá nese espazo compostelán–, trátase dunha sesión pedagóxica que se desenvolverá de 15:30 a 18:00 horas, tempo no que os alumnos poderán aproximarse á linguaxe que a profesora ten elaborada a través das creacións para a súa compañía, Mudances.

Àngels Margarit é bailarina, coreógrafa e pedagoga. Adícase á danza desde hai case 30 anos. Pertence á primeira xeración de bailaríns/bailarinas contemporáneos/as xurdida a finais dos anos 70 do Institut del Teatre de Barcelona, e dende 1985 dirixe unha das compañías de danza máis consolidadas do panorama nacional: Mudances, nome tamén da primeira peza que montou ao fronte da súa formación. Antes, permaneceu durante cinco anos no colectivo Heura, co que estreou *Temps al biaix*, primeiro espectáculo de danza do país concibido coma unha soa peza.

Coas súas primeiras montaxes, *Mudances* (1985) e *Kolbebasar*

(1988), entrou Àngels Margarit na escena internacional onde seguiu presentando con regularidade a súa obra. *Solo para una habitación de hotel* (1989), *Suite d'estiu* (1993), *Tèrbola* (1998), *La edat de la paciència* (1999), *Origami* (2002) e *Solo por placer* (2005) son algunhas das moitas montaxes que ocupan máis de 20 anos de creación coreográfica. Dentro do campo da improvisación colaborou con creadores como Andrés Corchero, María Muñoz, Alexis Eupierre e Mónica Valenciano, entre outros, e creou pezas de vídeo danza como *Boquería* e *Du Parc#1410*.

Como pedagoga impartiu cursos, obradoiros e repertorio en varios países e como creadora foi galardoada con premios como o Nacional de Danza de Catalunya en tres ocasións, o Premio Ciudad de Barcelona de las Artes Escénicas en 1993 e o Gran Prix do concurso coreográfico de Bagnolet en 1998. Desde o ano 2003 dirixe Tensdansa, Festival Internacional de Danza de Terrassa.


Os interesados en asistir a esta clase maxistral, para a que están dispostas 20 prazas, poden inscribirse até o 10 de xaneiro no CCG.

Àngels Margarit



editoriais

novidades



Inquedanzas

Pablo Beltrán

Colección Ars Gallaeciae Musicae.

Serie Agra Nova, nº 3

Edita: Dos Acordes S.L.-IGAEM

ISMN: M-9013138-2-8

PVP 18 €

Obra composta para formación camerística de quinteto de vento escrita en tres movementos.



Rehabilitación no Lavadoiro da Ribeira

Gloria Rodríguez Gil

Colección Ars Gallaeciae Musicae.

Serie Agra Nova, nº 4

Edita: Dos Acordes S.L.-IGAEM

ISMN: M-9013138-3-5

PVP 18 €

Obra composta para bandurra baixo, clarinete baixo, guitarra e violonchelo.



Concerto para saxofón e 7 instrumentos

Xabier Mariño

Colección Ars Gallaeciae Musicae.

Serie Agra Nova, nº 5


Edita: Dos Acordes S.L.-IGAEM

ISMN: M-9013138-4-2

PVP 20 €

Concerto para saxo alto, con grupo instrumental integrado por clarinete, óboe, frauta, piano, violín, violonchelo e contrabaixo.

02 MÉRCORES	Títeres Cachirulo <i>Do, re, mi, Mozart xoga aquí</i> Redondela 18.00 h MULTIUSOS DA XUNQUEIRA	Os Monicreques de Kukas <i>Sen Título 4X8X6</i> Vilagarcía de Arousa AUDITORIO DE VILAGARCÍA					02 MÉRCORES	
03 XOVES		Berrobambán Teatro <i>Boas noites</i> Vilagarcía AUDITORIO DE VILAGARCÍA	Tanxarina Títeres <i>Sombreiros sen chapeu</i> Redondela 12.00 h MULTIUSOS DA XUNQUEIRA	Galitoon <i>Golulá</i> As Pontes 18.30 h CINE ALOVI			03 XOVES	
04 VENRES		Talía Teatro <i>O merlo branco</i> O Carballiño 18.00 h AUDITORIO MUNICIPAL	Títeres Trompicallo <i>Bolboreta</i> Redondela 18.00 h MULTIUSOS DA XUNQUEIRA	Produccións Acontrabutaca <i>Robin Hood</i> Arteixo 20.30 h CENTRO CÍVICO CULTURAL		04 VENRES		
10 XOVES						010 XOVES		
11 VENRES	Cuarta Pared <i>Rebeldías posibles</i> O Barco 21.00 h TEATRO MUNICIPAL LAURO OLMO	Teatro do Noroeste <i>Romeo e Xulieta</i> Vilagarcía 21.00 h AUDITORIO MUNICIPAL	Disque Danza <i>Menú vexetal (dáme verde)</i> Arteixo 20.30 h CENTRO CÍVICO CULTURAL	Inquedanza-Entre Mans <i>En la cuenca de tus ojos</i> Santiago 21.00 h TEATRO PRINCIPAL		CDG Noite de Reis ou o que queirades A Coruña 11.30 h TEATRO ROSALÍA DE CASTRO Función escolar	11 VENRES	
12 SÁBADO	Cuarta Pared <i>Rebeldías posibles</i> Narón 20.00 h AUDITORIO MUNICIPAL	Sarabela Teatro <i>Margar no pazo do tempo</i> Vigo 20.30 h CENTRO CULTURAL CAIXANOVA	Inquedanza-Entre Mans <i>En la cuenca de tus ojos</i> Santiago 21.00 h TEATRO PRINCIPAL			Bacana <i>Hendaya mon amour</i> Ourense 20.00 h TEATRO PRINCIPAL	CDG Noite de Reis ou o que queirades A Coruña 20.30 h TEATRO ROSALÍA DE CASTRO	12 SÁBADO
13 DOMINGO			Galitoon <i>Golulá</i> Pontevedra 18.30 h TEATRO PRINCIPAL			Títeres Trompicallo <i>Bolboreta</i> Cambados 18.00 h AUDITORIO MUNICIPAL A XUVENTUDE	Cuarta Pared <i>Rebeldías posibles</i> Ourense 20.00 h TEATRO PRINCIPAL	CDG Noite de Reis ou o que queirades A Coruña 20.30 h TEATRO ROSALÍA DE CASTRO
14 LUNS			Galitoon <i>Golulá</i> Pontevedra 10.30h TEATRO PRINCIPAL				Cía Mudances <i>Larandland</i> 18.00 h	14 LUNS
16 MÉRCORES				Teatro do Noroeste <i>Extrarradios (Comedia das mulleres desamparadas)</i> Santiago 21.00 h TEATRO PRINCIPAL		CDG Noite de Reis ou o que queirades Narón 11.30 h AUDITORIO MUNICIPAL Función escolar		16 MÉRCORES
17 XOVES	Teatro do Noroeste <i>Extrarradios (Comedia das mulleres desamparadas)</i> Santiago 21.00 h TEATRO PRINCIPAL	Sapristi <i>Ó son das cousas</i> Ribadeo 12.00 h AUDITORIO MUNICIPAL HERNÁN NAVAL	La Imagina Machina <i>Ubú Rei</i> A Coruña 20.30 h TEATRO COLÓN	Fulano, Mengano e Citano <i>Arte</i> Monforte 20.15 h EDIFICIO MULTIUSOS		CDG Noite de Reis ou o que queirades Narón 11.30 h AUDITORIO MUNICIPAL Función escolar		17 XOVES
18 VENRES	Teatro do Noroeste <i>Extrarradios (Comedia das mulleres desamparadas)</i> Santiago 21.00 h TEATRO PRINCIPAL	Títeres Cachirulo <i>Do, re, mi, Mozart xoga aquí</i> Arteixo 20.30 h CENTRO CÍVICO CULTURAL	Ensemble Vigo 430 <i>Do século XVIII ó XXI</i> A Estrada 21.00 h TEATRO PRINCIPAL	Galitoon <i>Golulá</i> Boiro 20.00 h CASA DA CULTURA RAMÓN MARTÍNEZ LÓPEZ	CCG e Cía. Daniel Abreu Negro Vigo 22.00 h TEATRO ENSALLE	CDG Noite de Reis ou o que queirades Narón 20.30 h AUDITORIO MUNICIPAL		18 VENRES
19 SÁBADO	Talía Teatro <i>Mundos contados</i> Cee 20.15 h SALÓN DE ACTOS DO CONCELLO	Teatro del Andamio <i>A lingua das bolboretas</i> A Coruña 20.30 h FORUM METROPOLITANO	Marco González <i>Tango Argentino Milonga sentimental</i> Sada 20.00 h CASA DA CULTURA P. LLORENS		CCG e Cía. Daniel Abreu Negro Vigo 22.00 h TEATRO ENSALLE	CDG Noite de Reis ou o que queirades Narón 20.00 h AUDITORIO MUNICIPAL	SALÓN TEATRO Factoria Escènica Internacional (FEI) <i>El agresor</i> 20.30 h	19 SÁBADO

20 DOMINGO	Tanxarina Títeres <i>Sombreiros sen chapeu</i> Cambados 18.00 h AUDITORIO MUNICIPAL A XUVENTUDE	Sarabela Teatro <i>Margar no pazo do tempo</i> San Sadurniño 19.30 h CENTRO SOCIOCULTURAL	Berrobambán Teatro <i>Boas noites</i> A Coruña 17.30 h TEATRO ROSALÍA DE CASTRO	Teatro del Andamio <i>A lingua das bolboreta</i> A Coruña 19.00 h FORUM METROPOLITANO	Talía Teatro <i>O merlo branco</i> Pontevedra 18.30 h TEATRO PRINCIPAL	CCG e Cía. Daniel Abreu <i>Negro</i> Vigo 21.00 h TEATRO ENSALLE	SALÓN TEATRO Factoria Escènica Internacional (FEI) <i>El agresor</i> 18.00 h	20 DOMINGO	
21 LUNS	Berrobambán 	Berrobambán Teatro <i>Boas noites</i> A Coruña 11.00 h TEATRO ROSALÍA					Talía Teatro <i>O merlo branco</i> Pontevedra 12.00 h TEATRO PRINCIPAL	21 LUNS	
22 MARTES			Berrobambán Teatro <i>Boas noites</i> A Coruña 11.00 h TEATRO ROSALÍA DE CASTRO					22 MARTES	
23 MÉRCORES	Talía Teatro <i>Mundos contados</i> Ferrol 11.00 h TEATRO JOFRE			23 MÉRCORES	Teatro de Ningures <i>Misericordia</i> Santiago 21.00 h TEATRO PRINCIPAL				24 XOVES
25 VENRES	Bengala Producións <i>Historia do soldado</i> Vilagarcía 20.00 h AUDITORIO MUNICIPAL	Talía Teatro <i>O merlo branco</i> Arteixo 20.30 h CENTRO CÍVICO CULTURAL	Abada Teatro-Carlos Blanco <i>Humor neghro</i> Pontevedra 21.00 h PAZO DA CULTURA	Teatro do Noroeste <i>Extrarradios (Comedia das mulleres desamparadas)</i> Muros 22.00 h CENTRO CULTURAL E XUVENIL	Orquestra de Cámara de Galicia <i>Música clásica galega</i> A Estrada 21.00 h TEATRO PRINCIPAL	Sarabela Teatro <i>Margar no pazo do tempo</i> Ames 21.00 h CASA DA CULTURA DE BERTAMIRÁNS	25 VENRES		
26 SÁBADO	Abada Teatro-Carlos Blanco <i>Humor neghro</i> Sanxenxo 21.30 h PAZO EMILIA PARDO BAZÁN	Galitoon <i>Golulá</i> Muros 18.30 h CENTRO CULTURAL E XUVENIL	Migallas Teatro <i>Un avó especial</i> Cee 20.15 h SALÓN DE ACTOS DO CONCELLO	40Pasos <i>O ridículo deasmor dun home máis ou menos normal</i> Narón 20.30 h AUDITORIO MUNICIPAL	Nut Teatro <i>A mirada de Pier</i> Ferrol 20.30 h CENTRO CULTURAL TORRENTE BALLESTER	Talía Teatro <i>Quero ser grande</i> Cedeira 20.00 h AUDITORIO MUNICIPAL	SALÓN TEATRO SANTIAGO DE COMPOSTELA CCG e Cía. Daniel Abreu <i>Negro</i> 20.30 h	26 SÁBADO	
27 DOMINGO	Berrobambán Teatro <i>Boas noites</i> Carballo 18.00 h PAZO DA CULTURA	Fulano, Mengano e Citano <i>Arte</i> Ribadeo 20.30 h AUDITORIO MUNICIPAL HERNÁN NAVAL	Migallas Teatro <i>Un avó especial</i> Cambados 18.00 h AUDITORIO MUNICIPAL A XUVENTUDE	Espello Cóncavo <i>Zardigot</i> Sada 20.00 h CASA DA CULTURA PINTOR LLORÉNS	Producións Acontrabutaca <i>Robin Hood</i> Ames 17.00 h C. DA CULTURA DO MILLADOIRO	SALÓN TEATRO SANTIAGO DE COMPOSTELA CCG e Cía. Daniel Abreu <i>Negro</i> 18.00 h		27 DOMINGO	
28 LUNS								28 LUNS	
29 MARTES								29 MARTES	
30 MÉRCORES								30 MÉRCORES	
31 XOVES				SALÓN TEATRO Matt Valentine & Erika Elder with The Golden Road <i>O Fillo Pausado</i> Festival Sinsal. Extensión Salón Teatro 22.00 h				31 XOVES	

** Para os espectáculos distribuídos entre o 16 de novembro de 2007 e o 14 de xaneiro de 2008, o prazo finaliza o 15 de febreiro.

[...] CONVOCATORIAS IGAEM

Convocatoria	Contido	Dirixido	Data límite
Admisión de orixinais para o II Premio 'Diario Cultural' de Teatro Radiofónico	Organizado polo programa Diario Cultural da Radio Galega, en colaboración co CDG e co patrocinio da Consellaría de Cultura e Deporte, este premio pretende fomentar a escrita de textos dramáticos para a radio e facilitar o diálogo entre a dramaturxia contemporánea e o medio radiofónico. A súa dotación económica é de 3.000 € para cada unha das súas dúas modalidades.	Todos os escritores e escritoras que o desexen, sempre que non teñan vínculo laboral coa CRTVG, que presenten traballos orixinais e inéditos en lingua galega, en formato de guión radiofónico dramático. Máis información en www.crtvg.es	4 de xaneiro
Inscrición na clase maxistral de Àngels Margarit en Compostela	O Centro Coreográfico Galego, en colaboración co Salón Teatro, organiza esta clase gratuíta de aproximación á linguaxe que a bailarina, coreógrafa e directora da compañía Mudances impartirá o 11 de xaneiro, de 15.30 a 18.00 horas, no Espacio Aberto de Compostela.	20 prazos para profesionais da danza. Máis información: www.centrocoreografico.org	10 de xaneiro
Inscrición no proceso de selección dun actor e dúas actrices para a vindeira produción do CDG	As audicións para <i>Drama3</i> , de Rubén Ruibal, Jacobo Paz e Vanesa Sotelo, con dirección de Daniel Salgado, celebraranse do 16 ao 18 de xaneiro no Salón Teatro de Compostela.	Condições para a realización da audición: Personaxe 1: Muller, 40 anos, complexión atlética, altura mínima de 1,67 m. / Personaxe 2: Muller, 30 anos, altura máxima de 1,67 m. / Personaxe 3: Home, 40 anos, complexión atlética, altura mínima de 1,75 m. Máis información: www.igaem.xunta.es	11 de xaneiro
Recepción de solicitudes para optar a dúas prazas de bolseiro/a na compañía de Paulo Ribeiro	Convócase unha praza de asistente de dirección ou repeticor e outra de asistente de produción para o espectáculo <i>Feminine</i> , que a compañía portuguesa de Paulo Ribeiro coproducirá co Centro Coreográfico Galego.	Persoas físicas galegas ou residentes en Galiza maiores de 18 anos que desexen dedicarse profesionalmente á produción ou dirección de espectáculos de danza. Máis información: www.centrocoreografico.org	30 de xaneiro

2. LABORAL / FISCAL / CONTABLE

Obxecto	Contido	Dirixido	Data límite
Convenio IGAPE-ICO-EEFF 2007	Apoio financeiro aos investimentos das pequenas e medianas empresas de Galiza financiados polo Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), o Instituto de Crédito Oficial (ICO) e as entidades financeiras.	Microempresas ou pemes que formalizasen operacións de crédito con cargo a algunha das liñas do Plan de Fomento Empresarial 2007 do Instituto de Crédito Oficial (ICO) por un importe superior a 25.000 € e cumpran coas condicións específicas establecidas neste convenio.	28 de febreiro

3. OUTRAS CONVOCATORIAS

Obxecto	Contido	Dirixido	Data límite
Inscrición nos cursos de Circonove. Escola de Novo Circo 2007-2008	Circonove, espazo para a formación e a creación artística en Novo Milladoiro (Ames), organiza obradoiros de circo para nenos e adultos, encontros de malabares e circo, así como cursos trimestrais de acrobacia (iniciación e intermedia), danza contemporánea, malabares, aéreos, clown e improvisación, pantomima e verticais, entre outras disciplinas.	Máis información no teléfono 981 937 825 ou no correo electrónico circonove@hotmail.com	Aberto o prazo de inscrición

Rexistro de datos
XANEIRO/OUTUBRO 2007

IGAEM

CDG

Producións con distribución pechada (*)				
<i>O regreso ao deserto</i>				
<i>A piraqua</i>				
<i>Tarará Chis Pum</i>				

Producións con distribución en curso				
CONCELLO	ESPECTÁCULO	FUNCIONS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNC
Compostela	<i>Noite de Reis</i>	17	189,7	854,54 €
Ourense	<i>Noite de Reis</i>	4	224	1.049,25 €
Carballo	<i>Noite de Reis</i>	1	319	1.571,00 €

CCG

Producción con distribución pechada (*)				
<i>Vacuo</i>				

SALÓN
TEATRO

COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	Nº FUNCESPECT/FUNC	FACT/FUNC
CCG	<i>Vacuo</i>	4 211,5	1.063,50 €
Círculo	<i>Quarto Interior</i>	2 94	380,50 €
Rui Horta	<i>Bones & Oceans</i>	2 37,5	155,50 €
Marta Carrasco	<i>J'arrive..</i>	2 78	331,00 €
Ur Teatro	<i>El chico de la última fila</i>	2 104	417,00 €
Allerretour	<i>Ellas</i>	2 33,5	219,00 €
Teatre Lliure	<i>Last Chance</i>	2 88	419,50 €
Pedro Coello	<i>Fragmentos</i>	1 30	231,00 €
La Zaranda	<i>Los que rien...</i>	2 59	323,00 €
Manuel Rodeiro	<i>Fende-lo son</i>	1 81	195,00 €
Teatro de Ningures	<i>Emigrados</i>	2 230,5	563,00 €
Drumming	<i>Un tributo a Frank Zappa</i>	1 135	690,00 €
Rayo Malayo	<i>Los olvidados</i>	1 30	179,00 €
Lagarta Lagarta	<i>As últimas lúas</i>	2 83,5	268,00 €
CDG	<i>Tarará Chis Pum</i>	19 184,74	487,42 €
CDG	<i>A Piraqua</i>	23 108,61	278,52 €
CDG	<i>Noite de Reis</i>	3 233	233 €
Experimenta Danza + CCG	<i>Arte a escea</i>	2 125	233,00 €
SinSal	<i>A Hawk and a Hacksaw & The Hun...</i>	1 78	606,00 €
Pisando Ovos + CCG	<i>30.000</i>	2 173,5	170,50 €
SinSal	<i>Hanne Hukkelberg</i>	1 127	778,00 €
Matarile	<i>Truenos y misterios</i>	2 70,5	168,00 €
Pista Catro + CDG	<i>Kamikaze</i>	4 228,75	583,00 €
Sin Sal	<i>Tunng</i>	1 111	747,00 €

TOTAL ACUMULADOS IGAEM 2007

	FUNCIONES	PÚBLICO	Ocupación	FACTURADO
Salón Teatro	98	14.406	54.04 %	48.685,00 €
<i>O regreso ao deserto</i> (CDG)	4	625	35,84 %	2.930,80 €
<i>Tarará Chis Pum</i> (CDG)	46	10.267	61,91 %	20.245,64 €
<i>A Piraqua</i> (CDG)	37	4.729	35,61 %	12.531,00 €
<i>Vacuo</i> (CCG)	30	6.500	[pendente]	[pendente]
<i>Noite de Reis</i> (CDG)	22	4.906	75,17 %	21.478,00 €

(*) Desglose en anteriores números de e-scena

REDE GALEGA DE
TEATROS E AUDITORIOS

COMPAÑÍAS

COMPAÑÍA	Nº FUNCIONS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNCIÓN
10&10 Danza	1	40	89,50 €
A Factoría Teatro	9	135	686,98 €
A Internacional	3	58,33	51,25 €
Albions Teatro	1	51	122,50 €
Ana Docampo e Juan Enrique Miguéns	1	53	78,00 €
Ancora Produccións	7	106,86	445,06 €
Arela das Artes	2	109,5	261,13 €
Artello Teatro Alla Scala 1:5	5	56	96,80 €
B. Studio	1	38	87,00 €
Bacana	3	95,67	480,67 €
Berrobambán Teatro	9	132,56	345,83 €
Capriccio Vocale	1	23	65,00 €
Caramuxo Teatro	4	99,25	147,16 €
Carlos Borsani y El Gad	6	149,33	470,84 €
Chelicia, Grupo de Violonchelos de Compostela	1	34	68,00 €
Chrystyan Magic	2	261,5	460,75 €
Cía. Galega de Danza Contemporánea - Ballet Jesús Quiroga	1	500	1.092,00 €
Colectivo Danzón	1	49	34,00 €
Compañía do Chapitó	3	59,67	180,17 €
Compañía do Trinke Trinke	1	212	424,00 €
Cuarteto de Corda da Orquestra Solistas de Galicia	1	14	35,00 €
Cyrille Sinclair de Magia a la Carta	2	183	245,50 €
Dani García	2	82	193,00 €
Decamerón e Cía.	1	71	177,50 €
Disque Danza	4	70	114,00 €
Dúo Antón de Santiago-Alexis Díez	3	46,33	91,83 €
Dúo Instrumental Dirección	1	4	10,00 €
Erre Que Erre	3	53,33	91,33 €
Espello Cóncavo	10	90,2	390,73 €
Experimenta Danza	1	79	96,00 €
Fulano, Mengano e Citano	20	157,75	559,53 €
Galitoo	4	171,75	390,75 €
Grupo de Música Antiga 1500	1	57	141,00 €
Grupo de Música Antiga Martín Codax	3	35,67	112,67 €
Inquedanza	2	128,5	507,25 €
Intermission Dúo de Percusión	1	36	48,00 €
Javier Martín	2	45	142,00 €
Julia Cea e Mondello Quartet	1	59	29,00 €
Karlik Danza-Prod. Javier Leoni	1	204	368,00 €
Karlit Danza-Teatro	1	64	46,00 €
La Imagina Machina	9	111,22	198,66 €
Lagarta Lagarta	22	129,31	490,06 €
Ludus Tonais	1	8	16,00 €
Luis Boyano	2	84,5	143,70 €
Mago Benxamin	2	99,5	126,50 €
Mago Calí	1	271	325,20 €
Mago Kiko	1	82	157,50 €
Mago Marttyn	1	80	154,00 €
Mago Richard	4	124,5	248,13 €
Malasombra	4	80,5	315,69 €
Marco Vargas y Chloé Brulé	1	92	732,00 €
Máscara Produccións	5	106,2	385,00 €
Matarile Teatro	2	28,5	153,80 €
Migallas Teatro	8	126,63	196,57 €
Mimo- Mago Anyo	3	154	243,33 €
Mofa e Befa	12	131,75	443,26 €
Nova Galega de Danza	2	91	295,00 €
Nove Dous	15	82,26	239,63 €
Nut Teatro	10	149,7	289,40 €

COMPAÑÍAS

O Mago Teto	2	132	253,25 €
Omar Percusión	1	47	31,00 €
Orquestra de Cámara Solistas de Galicia	2	174	354,50 €
Os Colombarios	6	172,17	83,33 €
Os Monicreques de Kukus	1	257	735,00 €
Os Quinquillans	4	146,5	189,75 €
Os Sete Magníficos Máis Un	4	109,75	268,38 €
Os Tirinautas	3	139	335,17 €
Pablo Nojes y Páprika Teatro	3	117,67	253,50 €
Pisando Ovos	2	72	283,50 €
Quinteto de Vento Metal Santa Cecilia	1	70	51,00 €
Quinteto de Vento Pentafonía	4	24,5	55,88 €
Quinteto Santa Cecilia	3	35,33	68,33 €
Sala Yago	5	115	194,04 €
San&San	5	83	171,30 €
Sapristi	3	87	124,08 €
Sarabela Teatro	31	131,45	522,64 €
Skené Teatro	3	196	581,83 €
Susana de Lorenzo	1	22	110,00 €
Talia Teatro	10	120	282,00 €
Tantaka Teatroatroa	5	157,8	857,92 €
Tanxarina Titeres	2	138,5	205,50 €
Teatre Arca	9	96,11	377,67 €
Teatro de Adro	2	110	295,00 €
Teatro de la Luna	6	159,83	314,17 €
Teatro de Ningures	19	119,9	389,66 €
Teatro del Andamio	5	69,2	119,70 €
Teatro do Atlántico	18	90,28	307,07 €
Teatro do Lilo	4	105,5	232,25 €
Teatro do Morcego	17	148,06	589,10 €
Teatro do Noroeste	18	124,5	649,28 €
Teatro dos Tirinautas	1	119	364,00 €
Teatro Español de Madrid	6	157,17	417,83 €
Teatro Galileo	14	89,79	264,71 €
Teatro Meridional	1	125	323,75 €
Titeres Cachirulo	6	254,17	484,75 €
Titeres en Acción	5	118,6	277,70 €
Titeres Trompicallo	7	148,57	280,57 €
Titzina Teatre	4	69	297,25 €
Trio Musical Intermezzo	1	28	140,00 €
Ur Teatro	2	172,5	831,90 €
Viravolta Titeres	1	180	140,00 €
Vocalise	4	74,75	124,75 €
Yllana Teatro	3	430,33	1.869,67 €

CONCELLOS/ENTIDADES

ENTIDADE/CONCELLO	Nº FUNCIONS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNCIÓN
A Coruña	19	140,83	796,31 €
A Estrada	10	87,3	293,10 €
Ames	16	55,94	118,00 €
Arteixo	11	185,91	296,92 €
As Pontes de García Rodríguez	7	112,57	164,28 €
Betanzos	5	107,6	292,20 €
Boiro	12	123,92	159,92 €
Burela	13	154,77	368,57 €
Cambados	5	106,4	138,00 €
Cangas	13	180,23	561,69 €
Carballo	11	136,82	490,32 €
Cariño	7	32	52,14 €
Cedeira	3	21,67	43,33 €
Cee	7	66,86	170,43 €
Culleredo	7	47,57	86,93 €
Ferrol	8	122,63	386,50 €
Foz	10	110,9	116,40 €
Gondomar	1	191	573,00 €
Lalín	8	162,75	166,81 €
Lugo	5	211,2	764,40 €

en escena

>>>

CONCELLOS/ENTIDADES

Rexistro de datos XANEIRO/OUTUBRO 2007			
Monforte de Lemos	11	127,63	261,09 €
Muros	12	75,83	144,25 €
Narón	20	165,9	681,75 €
Noia	1	62	171,00 €
O Barco de Valdeorras	14	77,14	283,29 €
O Carballiño	6	117,67	422,33 €
Oleiros	6	182,33	633,33 €
Ortigueira	8	26,63	53,25 €
Ourense	13	121,92	614,55 €
Ourense (Auditorio)	17	107,18	240,47 €
Ponteareas	13	178,31	461,77 €
Pontevedra	9	148,44	544,17 €
Redondela	9	189,67	560,33 €
Ribadavia	3	148,33	294,67 €
Ribadeo	23	102,61	323,60 €
Sada	15	98	68,93 €
San Sadurniño	9	61,56	122,17 €
Santiago de Compostela	32	110,44	439,09 €
Sanxenxo	8	80,13	226,69 €
Tui	15	198,14	491,87 €
Vigo	16	145,31	401,13 €
Vigo (Caixanova)	12	223,67	1.320,17 €
Vilagarcía de Arousa	19	43,84	125,68 €
Vilalba	6	61,17	177,50 €
Vilanova de Arousa	4	57	0,00 €
Viveiro	6	105,67	320,83 €

TOTAIS RGTA	2006	2007
Funcións	512	485
Público	85.112	58.037
Ocupación	49,94 %	32,93%
Facturado	191.750,70 €	176.393,31 €

REDE GALEGA DE SALAS

ENTIDADE/CONCELLO	Nº FUNCIONS	ESPECT/FUNC	FACTUR/FUNC
A Coruña (Teatro del Andamio)	22	36,91	115,41 €
Santiago (Sala Nasa)	20	40,9	219,40 €
Santiago (Sala Yago)	28	45	221,52 €
Vigo (Teatro Arte Livre)	27	10,11	87,41 €
Vigo (Teatro Ensalle)	19	22,47	161,55 €

TOTAIS REDE GALEGA DE SALAS	2007		
Funcións	Público	Ocupación	Facturación
116	3.590	38,52%	18.559 €

MÚSICA AO VIVO

GRUPO	CONCERTOS	ESPECT. CONCERTO	FACT CONCERTO
6pm	5	62,8	126,80 €
A Compañía do Ruido	9	87,33	252,22 €
A Matraca Perversa	12	39,33	113,83 €
Aguardiente Swing Quartet	9	35,78	127,56 €
Anacos de Buxo	7	28,86	46,14 €
Anger	6	43,17	51,33 €

GRUPOS

GRUPOS

Ataque Escampe	7	47,86	97,00 €
Blue Rain	12	35,09	58,84 €
Bukovski Trío	15	36,93	72,13 €
Coda	13	37,54	82,08 €
Color Café	12	40	88,58 €
Cornelius	15	71,13	230,93 €
Détour	10	31,8	76,90 €
Diego Freire	5	29,6	52,80 €
Diego Massinimi	12	24	38,50 €
Dios Ke Te Crew	12	89,33	276,92 €
Dr. Funkstein	11	48,27	76,00 €
Dreams Of Dolly Sheep	8	40,63	80,88 €
Ectoplasma	9	67,22	219,11 €
El Pablo	8	42	52,44 €
Ergon	10	58,8	95,10 €
Esenia	6	35	78,33 €
Fabulosos Cubatas De ...	12	71,83	128,67 €
Faltriqueira	10	86,4	387,70 €
Grasa	11	55,64	102,82 €
Guezos	7	75	124,86 €
Hot Kawa Club	11	30,64	59,73 €
Jaso&boo Jazz Performance	11	30,91	52,64 €
Jato Neiro Jazz Trío	12	27,16	48,50 €
Los Cruelles	6	44,17	74,50 €
Los Iribarnes	4	74	177,00 €
Lume	8	52,63	80,13 €
Marcos Pin Trío	13	30,61	111,77 €
Miguel Costas y la Banda Turca	7	86,71	191,79 €
Mk Nónimo	4	32,75	32,38 €
Moon Cresta	14	46,43	158,43 €
Motor Perkins	3	57,67	60,33 €
Mr. Dixie Jazz Band	10	41,1	141,70 €
Nadadora	4	56	306,25 €
Narf	8	33,88	89,25 €
Niño y Pistola	10	54,6	199,90 €
O Leo I Arremechágon	10	33,4	53,40 €
Ocean's Garden	5	50,6	110,20 €
Os Trasn	12	26,83	43,25 €
Pablo Bicho Cuarteto	9	45,11	111,78 €
Pepe Vaamonde Grupo	10	59,6	190,10 €
Phantom Club	11	58,46	118,81 €
Quempallou	7	78,57	289,93 €
Querido Salvaje	4	26,25	40,50 €
Ragdog	7	58,29	135,57 €
Renato Spencer & Café Caxara	14	46,14	88,07 €
Roberto Somoza Cuarteto	7	34,57	112,43 €
Robin de los Estercoleros	11	47,09	154,64 €
Ruxe-ruxe	13	61,62	181,46 €
Safari Orquesta	3	53,33	77,00 €
Sax Machine	10	38,8	70,70 €
Sevigny	7	25,86	60,71 €
Snail	6	33	34,67 €
Soak	12	64,08	241,42 €
Sugar Mountain	10	51,9	159,60 €
Tango Project	13	37,08	56,46 €
Telemaco	4	48	106,00 €
The Sweat	11	38,73	51,00 €
The Turre's Band	6	54,83	114,83 €
Thunn	5	43,2	244,80 €
Toques de Caramulo	4	49,5	53,25 €
Trifulka	5	21,2	32,40 €
Victor Aneiros Band	6	41	125,17 €

GRUPOS

Xoan Curiel	13	33,54	39,92 €
Zenar	8	51,25	150,00 €
Zumbido	7	28,86	64,86 €

SALAS

SALA	Nº FUNCIONS	ESPECTADORES/ FUNCION	FACTURACIÓN/ FUNCION
A Fragua (REDONDELA)	15	31,4	62,46 €
Ache (MARÍN)	10	58,2	229,40 €
Aturuxo (MARÍN)	24	70,21	300,21 €
Auriense Café Cultural (OURENSE)	19	31,79	71,84 €
Babel	2	60	165,00 €
Badulake	7	34,29	20,57 €
Bar Liceum (O PORRIÑO)	14	59,57	139,18 €
Baranda (O BARCO)	15	83,27	154,47 €
Barriga Verde (LALÍN)	2	19	38,00 €
Borriquita De Belén (SANTIAGO)	11	47,64	55,63 €
Cafe Concerto Antano (ORDES)	12	52,5	90,50 €
Café Teatro Xesteira (OURENSE)	24	63,83	164,56 €
Café-Cultural Roi Xordo (ALLARIZ)	13	38,54	102,77 €
Casa das Crechas, S.L. (SANTIAGO)	8	40,13	80,75 €
Catro Camiños	2	61	152,00 €
Clandestino (NIGRÁN)	11	41,64	133,18 €
Clavicembalo (LUGO)	38	32,45	86,13 €
Contrabajo (VIGO)	13	37,69	74,84 €
Disco-Sala Ogmios	1	11	22,00 €
El Ensanche (VIGO)	14	25,72	73,93 €
Fardela	2	22,5	138,00 €
Forum Celticum (CULLEREDO)	5	140	179,00 €
Garufa (A CORUÑA)	13	33,23	113,46 €
Jazz Filloa (A CORUÑA)	7	33,14	118,00 €
Jazz Vides (A CORUÑA)	19	31,21	126,84 €
La Casa de Arriba (VIGO)	16	15,25	46,19 €
La Fábrica de Chocolate Club (VIGO)	31	53,9	184,74 €
Manteca Jazz (VIGO)	9	52,66	178,22 €
Marrucho (BAIONA)	13	42,77	128,62 €
Micos	1	35	25,00 €
Náutico	9	51,78	107,00 €
O Con do Moucho (BAIONA)	11	63,64	93,64 €
Planeta, c.b.	8	73,88	175,13 €
Pub D'Antón Rock Café (A LARACHA)	32	36,94	65,44 €
Pub Gatos (MELIDE)	27	44,48	82,48 €
Pub Kilé (ORDES)	10	56,4	114,20 €
Remache (VIGO)	4	35	99,25 €
Sala 600 (MELIDE)	10	56,6	123,70 €
Sala Clan (XINZO DE LIMIA)	11	62,27	169,55 €
Sala Dzine (SAN SADURNINO)	20	77,65	156,95 €
Sala Karma (PONTEVEDRA)	16	29,75	106,94 €
Sala Mogay (CHANTADA)	9	49,23	147,67 €
Sala Son (CANGAS DE MORRAZO)	12	35,42	82,83 €
Salón Parroquial (PONTEAREAS)	18	63,55	86,05 €
Vagalume Café Concerto (SALVATERRA)	12	57,5	134,17 €
Verbum Jazz (VIGO)	9	31,67	67,56 €
Verbum Náutico (VIGO)	8	33,38	58,25 €
Woodstock (PORTONOVO)	15	24,06	67,06 €
Zona Zero (CALDAS DE REIS)	16	58,5	140,07 €

TOTAIS REDE GALEGA DE MÚSICA AO VIVO	2007
FUNCIONS	628
PÚBLICO	29.662
OCUPACIÓN	36,31%
FACTURADO	73.976,00 €



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

IGAEM

instituto galego
das artes escénicas
e musicais

IGAEM Rúa da Vesada s/n.
San Lázaro. 15703 Santiago de Compostela
Tel.: 981 577 126/28. Fax: 981 577 127
igaem@xunta.es / www.igaem.xunta.es